

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

15888 *REAL DECRETO 685/2002, do 12 de xullo, polo que se establecen determinadas medidas para a súa aplicación no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas. («BOE» 187, do 6-8-2002.)*

O Regulamento (CE) 2201/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a Organización Común de Mercados no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, a última modificación do cal a constitúe o Regulamento (CE) 1239/2001 do Consello, do 19 de xuño, considera un réxime de axuda ás organizacións de produtores que entreguen para a súa transformación tomates, pexegos e peras, e un réxime de axuda á produción de figos secos e de ameixas pasas de Ente, que se lles concede ós transformadores.

O Regulamento (CE) 449/2001 da Comisión, do 2 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 2201/1996, no relativo ó réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, concreta determinados aspectos e determina aqueloutros que o Estado membro debe ou está facultado para desenvolver.

Así mesmo, o Regulamento (CE) 217/2002, da Comisión, do 5 de febreiro, polo que se establecen os criterios de subvencionabilidade das materias primas no marco do réxime de axuda á produción do Regulamento (CE) 2201/1996, complementa as disposicións do Regulamento (CE) 449/2001, fixando os referidos criterios, en función da calidade das materias aludidas. En relación con este regulamento, este real decreto recolle aqueles aspectos del que se consideraron pertinentes.

No Regulamento (CE) 449/2001 dispónse que os Estados membros establecerán ou poderán establecer, segundo os casos, as condicións relativas ó recoñecemento e ás comunicacións que, en cada suposto, se lles esixen a transformadores e a organizacións de produtores, para poderen participar nos réximes de axuda citados.

No sector dos tomates, o número 4 do artigo 5 do Regulamento (CE) 2201/1996 faculta os Estados membros para dividi-lo limiar nacional en dous sublimiares, un para a transformación en tomates pelados enteiros e o outro para o resto de produtos autorizados, como medida de protección do nivel de axuda que deben percibir as organizacións de produtores que cultiven tomates para este tipo de elaborado.

Os réximes de axuda citados requiren un contrato escrito, cun modelo que prevé que se axuste á normativa reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, de acordo coa Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios e o Real decreto 686/2000, do 12 de maio, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Tamén poderán axustarse á normativa citada os modelos das cláusulas adicionais ós contratos e dos acordos que as organizacións de produtores e os produtores individuais teñan que subscribir coa organización de produtores contratante.

Debido ó elevado número de efectivos productivos que poden ter determinadas organizacións de produtores que entreguen tomates, pexegos ou peras, permítense a posibilidade de que poidan presentar unha solicitude de axuda anticipada polas cantidades entregadas antes dunha determinada data.

Por último, a regulamentación comunitaria recolle unha serie de obrigas para as organizacións de produtores e os transformadores que desexen participar en calquera dos réximes de axuda, e de actuacións que realicen as administracións dos Estados membros, respecto das que cómpre establecer determinadas concrecións.

A necesidade de completa-la normativa europea nos aspectos citados nos parágrafos anteriores motiva, pois, a publicación deste real decreto, todo isto, sen prexuízo do principio de aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios.

Durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como os representantes dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xullo de 2002,

DISPŪO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto concréntanse e desenvólvense determinados aspectos das axudas comunitarias previstas no Regulamento (CE) 2201/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a Organización Común de Mercados no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas e no Regulamento (CE) 449/2001 da Comisión, do 2 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior, no relativo ó réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

As solicitudes de recoñecemento de transformadores e das axudas, así como as comunicacións, as informacións e os documentos esixidos polo Regulamento (CE) 449/2001, serán dirixidos polas organizacións de produtores ó órgano competente na Comunidade Autónoma en que radique a súa sede social, e polos transformadores ó órgano competente na Comunidade Autónoma en que se encontren as fábricas onde se leve a cabo a transformación. Estes órganos xestionarán, en cada caso, as respectivas solicitudes, así como as restantes actuacións derivadas deste real decreto.

Artigo 3. *Recoñecemento de transformadores.*

1. Os transformadores de tomates, pexegos ou peras que desexen obter o recoñecemento a que se refire o número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) 449/2001, para poderen formalizar contratos con organizacións de produtores, deberánlle dirixir á autoridade competente unha solicitude na que consten, polo menos, os datos que figuran no anexo I deste real decreto. Requírese a presentación dunha solicitude por cada fábrica de que dispoñan.

2. Os transformadores aludidos no punto anterior deberán xustificar, no momento de presenta-la súa solicitude, para cada unha das súas fábricas, a súa capacidade de transformación do produto e o tipo de elaborado correspondentes. A acreditación de tales extremos conterà, polo menos, os datos que figuran no anexo II deste real decreto.

3. A presentación da solicitude efectuarase:

- a) Para os tomates, ata o 15 de decembro, inclusive.
- b) Para os pexegos e peras, ata o 31 de maio, inclusive.

4. Quedan exceptuados da obriga de presentar esta solicitude os transformadores referidos no número 1 que formalizasen contratos para o produto ou tipo de elaborado de que se trate, en, polo menos, unha das tres campañas precedentes á que vaia comezar.

Non obstante, os transformadores a que se refire o parágrafo precedente deberán comunicar, na forma e nos prazos referidos nos puntos anteriores, os cambios habidos en relación co recoñecemento que obtivesen.

Artigo 4. *Comunicacións para participar nos réximes de axuda.*

1. Os transformadores de figos secos e de ameixas pasas de Ente e as organizacións de produtores de tomates, de peras, de pexegos, de figos secos e de ameixas secas de Ente, que desexen acollerse ó réxime de axudas, de acordo co disposto no número 1 do artigo 8 do Regulamento (CE) 449/2001, comunicaranllo á autoridade competente mediante escrito no que consten, polo menos, os datos que figuran nos anexos III, IV e V deste real decreto.

2. Os transformadores aludidos no punto anterior deberán xustificar, no momento de presentaren a súa comunicación, para cada unha das súas fábricas, a súa capacidade de transformación do produto e tipo de elaborado correspondentes. A acreditación de tales extremos conterà, polo menos, os datos que figuran no anexo II deste real decreto.

3. A presentación das comunicacións a que se refire o número 1 efectuarase:

- a) Para tomates, ata o 15 de decembro, inclusive.
- b) Para pexegos e peras, ata o 31 de maio, inclusive.
- c) Para figos secos e ameixas pasas de Ente, ata o 15 de xuño, inclusive.

4. Quedan exceptuados da obriga de presentar esta comunicación os transformadores e as organizacións de produtores referidos no número 1 que participasen no réxime de axuda, para o produto ou tipo de elaborado de que se trate, en, polo menos, unha das tres campañas precedentes á que vaia comezar.

Non obstante, os transformadores e as organizacións de produtores a que se refire o parágrafo precedente, deberán comunicar, na forma e prazos referidos nos puntos anteriores, os cambios habidos en relación coa comunicación que xa teñan presentada.

Artigo 5. *Sublimiars de tomates.*

1. Con relación ó limiar nacional de tomate fresco, fixado en 1.238.606 toneladas, establécense dous sublimiars, un para a transformación en tomates pelados enteiros en conserva e o outro para a transformación noutros produtos dos recollidos nas alíneas f) a o), agás a h), do número 2 do artigo 1 do Regulamento (CE) 449/2001.

2. A cantidade indicada no número 1 distribuirase, cada tres anos, entre os dous sublimiars, en función da media das cantidades entregadas para a súa transformación que percibisen a axuda nas tres campañas de comercialización anteriores á campaña á que corresponde a distribución e para as que se dispoña da información requirida.

Artigo 6. *Contratos.*

1. Para beneficiarse do réxime comunitario de axudas, a contratación entre as partes será mediante contrato escrito que, se é o caso, conteña polo menos os datos e as condicións que figuren nos respectivos modelos de contrato homologado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A homologación do citado contrato, para cada produto, axustarase ó establecido na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios e ó Real decreto 686/2000, do 12 de maio, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

3. Non obstante, nos supostos en que non houbese modelo homologado, os contratos deberán conter:

a) Como mínimo, os datos e condicións esixidos polo Regulamento (CE) 449/2001.

b) Os criterios que deben cumprilos lotes da materia prima, podendo as partes establecer acordos, nos termos do número 1 do artigo 4 do Regulamento (CE) 217/2002.

4. As cláusulas adicionais, a que se refire o número 6 do artigo 3 do Regulamento (CE) 449/2001, tamén poderán ser homologadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

5. Os beneficiarios da axuda, logo de asignación en cada contrato da referencia de identificación, presentaranllos, así como, se é o caso, as cláusulas adicionais subscritas, á autoridade competente. Esta autoridade procederá a remitírlle-los exemplares correspondentes ós seus destinatarios no prazo de quince días hábiles desde a súa presentación.

Artigo 7. *Axuda anticipada.*

As organizacións de produtores que entregasen tomates, pexegos ou peras para a súa transformación, poderán presentar unha solicitude de axuda anticipada nas condicións que figuran no número 3 do artigo 12 e no número 3 do artigo 13 do Regulamento (CE) 449/2001.

Artigo 8. *Informacións e comunicacións.*

1. Os órganos que no exercicio da súa competencia procedan a declarar extinguido o recoñecemento, previsto no Regulamento (CE) 2200/1996, a unha organización de produtores, ou os que dictasen resolución sancionadora firme na vía administrativa pola que se exclúa unha organización de produtores ou un transformador deste réxime de axudas, deberánllo comunicar á autoridade competente.

2. As autoridades competentes remitirán ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), no prazo de sete días a partir das datas límite a que se refiren o número 3 do artigo 3 e o número 3 do artigo 4 desta disposición, as relacións de transformadores recoñecidos, así como as dos restantes transformadores e organizacións de produtores que poidan participar no réxime de axuda de cada un dos produtos.

3. O FEGA manterá actualizadas, con base na información recibida e en virtude do disposto na alínea precedente, as relacións de organizacións de produtores e de transformadores que poidan participar nos réximes de axuda en cada campaña de comercialización.

4. Para o seu envío á Comisión Europea, as autoridades competentes remitirán ó FEGA, polo menos con dez días de antelación ás datas establecidas no artigo 23 do Regulamento (CE) 449/2001, a información requirida nos números 2, 3, 4 e 5 deste artigo.

Disposición adicional única. *Sublimiars de tomate para as campañas 2003/2004 a 2005/2006.*

Non obstante o establecido no número 2 do artigo 5 deste real decreto, para as campañas 2003/2004 a 2005/2006, as cantidades de tomate fresco que corresponden a cada sublimiar, son as seguintes:

- a) Tomates pelados enteiros en conserva: 111.612 toneladas.
- b) Outros produtos: 1.126.994 toneladas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación e facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para a modificación dos seus anexos ou para incluír anexos novos que conteñan, polo

menos, os datos necesarios para cumprila normativa comunitaria.

2. Queda facultado o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a fixación das cantidades de cada sublimiar dos tomates, nos termos establecidos no artigo 5 deste real decreto e, de se-lo caso, para dispor, a teor do disposto na normativa comunitaria vixente, a inaplicación do réxime de sublimiars de tomate para unha ou varias campañas.

3. Para cada campaña, e para os produtos que considere, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, en todo o territorio nacional, as disposicións pertinentes en relación coa autorización a que se refire o número 2 do artigo 4 do Regulamento (CE) 217/2002, así como para modifica-las datas e os termos contidos neste real decreto, no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I**Solicitud de recoñecemento de transformador**

A empresa transformadora
 con CIF/NIF nº con domicilio en
 localidade de
 provincia de, tfno.,
 fax....., representada por don/dona
, en calidade de (1) desta,

EXPÓN

Que é titular dunha factoría en réxime de propiedade/arrendamento, da que se xunta fotocopia do contrato (*rísquese o que non proceda*), sita en.....,
 localidade de....., provincia de....., na que vai realiza-la/s
 campaña/s de industrialización que se solicita/n.

Que xunta certificado expedido por (2).....
, relativo á capacidade industrial de transformación.

Que coñece e se compromete a cumprir-las disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento da campaña dos produtos que se solicitan.

SOLICITA :

O recoñecemento para participar no réxime de axuda establecido polo Regulamento (CE) 2201/1996, do Consello, en:

- A vindeira campaña.....
- Asvindeiras campañas.....
- A vindeira campaña.....e seguintes.

(*Rísquese o que non proceda*)

Para a fabricación de :

- | | |
|-------------------------------------|--|
| - Concentrado de tomate | - Melocotóns en xarope e/ou no zume natural de froita |
| - Tomate pelado enteiro en conserva | - Peras Williams e Rocha en xarope e/ou en zume natural de froita. |
| - Outros produtos a base de tomates | |

(*Rísquese o que non proceda*)

En....., o.....de.....de 20.....

Ilmo. Sr.....

(1) *Propietario, administrador único, copartícipe, director...*

(2) *Autoridade competente*

ANEXO II**Capacidade de transformación**D/D^a

En calidade de director/a (1)

CERTIFICA

Que persoal técnico desta unidade compareceu na factoría da empresa....., sita na r/....., localidade de....., provincia de....., e comprobou a existencia de liñas de industrialización coas seguintes capacidades industriais de transformación:

- | | |
|---|-----------------------|
| - Tomates concentrados | kg/h de froito fresco |
| - Tomates pelados enteiros en conserva | kg/h de froito fresco |
| - Outros transformadores de tomates | kg/h de froito fresco |
| - Melocotóns en xarope e/ou no zume | kg/h de froito fresco |
| - Peras Williams e Rocha en xarope e/ou en zume natural de froita | kg/h de froito fresco |
| - Ameixas pasas de Ente | kg/h de froito fresco |
| -Figos secos e pasta de figos | kg/h de froito fresco |

(Risqueuse o que non proceda)

É o que certifica, en, o..... de..... de 20

(1) Nome da unidade administrativa provincial

ANEXO III**Comunicación para participar no réxime de axudas**

A empresa transformadora.....,
 con CIF/NIF nº, con domicilio en.....,
 localidade de,
 provincia de Tfno,
 Fax....., representada por D/Dª.....
, en calidade de (1).....dela.

EXPÓN:

- Que é titular dunha factoría en réxime de propiedade/arrendamento, da que se xunta fotocopia do contrato (*rísquese o que non proceda*), sita en....., localidade de....., provincia de....., na que vai realiza-la/s campaña/s de industrialización que se solicita/n.
- Que xunta certificado expedido por (2)....., relativo á capacidade industrial de transformación.
- Que coñece e se compromete a cumprí-las disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento da campaña dos produtos que se comunican.

COMUNICA :

Que desexa beneficiarse do réxime de de axuda establecido polo Regulamento (CE) 2201/1996, do Consello, en:

- A vindeira campaña.....
- Asvindeiras campañas.....
- A vindeira campaña.....e seguintes.

(*Rísquese o que non proceda*)

Para a fabricación de :

- Ameixas pasas de Ente.
- Figos secos e pasta de figos

(*Rísquese o que non proceda*)

En....., o..... de..... de 20

Ilmo. Sr.....

(1) *Propietario, administrador único, copartícipe, director...*

(2) *Autoridade competente*

ANEXO IV**Comunicación para participar no réxime de axudas**

A organización de produtores, segundo o artigo (1).....do Regulamento (CE) 2200/96, da Comisión, (*nome*) e inscrita no rexistro de OPs co número, con domicilio social en, localidade de....., provincia de..... Tfno Fax, representada por D/D^a....., en calidade de (2) dela.

EXPÓN:

Que coñece e se compromete a cumpri-las disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento da campaña dos produtos que se comunican.

COMUNICA:

Que desexa beneficiarse do réxime de axudas establecido polo Regulamento (CE) 2201/99, do Consello, en:

- A vindeira campaña.....
- Asvindeiras campañas.....
- A vindeira campaña.....e seguintes
(*Rísquese o que non proceda*)

Para a entrega á transformación de:

- Tomates
- Pexegos
- Peras Williams e/ou Rocha
(*Rísquese o que non proceda*)

En....., o.....de.....de 20

Ilmo. Sr

(1) 11, 13 ou 14.

(2) *Presidente, director...*

ANEXO V**Comunicación para participar no réxime de axudas**

A organización de produtores, segundo o artigo (1).....do Regulamento (CE) 2200/96, da Comisión, (*nome*) e inscrita no rexistro de OPs co número, con domicilio social en, localidade de....., provincia de..... Tfno Fax, representada por D/D^a..... en calidade de (2) dela.

EXPÓN:

Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento da campaña dos produtos que se comunican.

COMUNICA:

Que desexa beneficiarse do réxime de axudas establecido polo Regulamento (CE) 2201/99, do Consello, en:

- A vindeira campaña.....
- Asvindeiras campañas.....
- A vindeira campaña.....e seguintes

(Rísquese o que non proceda)

Para a entrega á transformación de:

- Ameixas secas de Ente
- Figos secos

(Rísquese o que non proceda)

En....., o.....de.....de 20

Ilmo. Sr

(1) 11, 13 ou 14.

(2) Presidente, director...